



# MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A LICITACIÓN DOS SERVIZOS DE **AXUDA NO FOGAR** NAS MODALIDADES DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA NO CONCELLO DE **FERROL 2024**



Concellería de Benestar Social  
Ferrol a 17 de xullo de 2024

Juan Pablo Guerrero

int() INDICE CONSULTING

<b>INDICE</b> .....	<b>1</b>
<b>1 OBXECTO</b> .....	<b>4</b>
<b>2 DESCRIPCION DOS SERVIZOS A PRESTAR</b> .....	<b>4</b>
2.1 <i>ATENCIÓNS DE CARÁCTER BÁSICO</i> .....	5
2.1.1 ATENCIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL. ACTIVIDADES DIARIAS. ....	5
2.1.2 ATENCIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL. OUTRAS ACTIVIDADES DIARIAS.....	5
2.1.3 ATENCIÓN A NECESIDADES DOMÉSTICAS E DA VIVENDA.....	5
2.1.4 ATENCIÓNS DE CARÁCTER PSICOSOCIAL E EDUCATIVO .....	6
2.2 <i>ATENCIÓNS DE CARÁCTER COMPLEMENTARIO</i> .....	6
2.3 <i>TAREFAS EXCLUIDAS DA PRESTACIÓN</i> .....	6
2.4 <i>COORDINACIÓN DE TAREFAS</i> .....	7
<b>3 DIVISIÓN EN LOTES</b> .....	<b>7</b>
<b>4 XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS</b> .....	<b>8</b>
<b>5 PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN</b> .....	<b>9</b>
<b>6 NORMATIVA DE APLICACIÓN</b> .....	<b>10</b>
<b>7 PREZO DO CONTRATO E A SÚA XUSTIFICACIÓN</b> .....	<b>11</b>
<b>8 SOLVENCIA</b> .....	<b>11</b>
8.1 <i>MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL</i> .....	11
<b>9 CRITERIOS DE VALORACIÓN</b> .....	<b>12</b>
9.1 <i>CRITERIOS SUXEITOS A XUIZO DE VALOR 45 PUNTOS</i> .....	12
9.1.1 XUSTIFICACIÓN .....	12
9.1.2 METODO DE AVALIACIÓN DOS CRITERIOS SUXEITOS A XUIZO DE VALOR .....	13
9.1.3 PROXECTO TÉCNICO 45 PUNTOS.....	14
9.1.4 DESCRIPCIÓN DE SUBCRITERIOS SUXEITOS A XUIZO DE VALOR.....	16
9.2 <i>CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS 55 PUNTOS</i> .....	18
9.2.1 XUSTIFICACIÓN .....	18
9.2.2 OFERTA ECONÓMICA. MENOR PREZO. 25 PUNTOS .....	19

9.2.3	PODOLOXIA. 6 PUNTOS .....	20
9.2.4	PELUQUERÍA 6 PUNTOS .....	20
9.2.5	LIMPEZAS XERAIS OU DE CHOQUE. 6 PUNTOS .....	21
9.2.6	BOLSA DE HORAS DE AUXILIAR DE APOIO 6 PUNTOS .....	22
9.2.7	TERAPEUTA OCUPACIONAL. 6 PUNTOS.....	22
<b>10</b>	<b>OFERTAS DESPROPORCIONADAS E ACTUACIÓNS ANTE AS MESMAS .....</b>	<b>23</b>
<b>11</b>	<b>CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN .....</b>	<b>24</b>
<b>12</b>	<b>INFORMACIÓN ESIXIDA. ART. 130 LCSP .....</b>	<b>25</b>
<b>13</b>	<b>PRAZO DE GARANTÍA .....</b>	<b>26</b>
<b>14</b>	<b>SUBCONTRATACIÓN .....</b>	<b>27</b>
<b>15</b>	<b>MODIFICACIONS DO CONTRATO .....</b>	<b>28</b>
<b>16</b>	<b>RESPONSABLE DO CONTRATO.....</b>	<b>28</b>
<b>17</b>	<b>RÉXIME DE PAGAMENTO .....</b>	<b>28</b>
<b>18</b>	<b>SEGUROS .....</b>	<b>29</b>
<b>19</b>	<b>RÉXIME DE TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL .....</b>	<b>29</b>
<b>20</b>	<b>LUGAR DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS.....</b>	<b>31</b>
<b>21</b>	<b>DATA PREVISTA DE INICIO DO CONTRATO .....</b>	<b>31</b>
<b>22</b>	<b>ETIQUETAS.....</b>	<b>31</b>
<b>23</b>	<b>INFORME DE PROBAS.....</b>	<b>31</b>

## 1 OBXECTO

O Concello de Ferrol, **no marco das súas competencias**, prevé iniciar o expediente para unha licitación que determine a realización dun contrato de servizos cunha mercantil especializada, para a prestación do servizo de axuda no fogar **nas modalidades de dependencia e libre concorrencia**. No caso da libre concorrencia vai dirixida a usuarios que teñan solicitada a Valoración do Grado de Dependencia pero non están valorados ou non están recibindo o servizo de Dependencia e que unha vez teñen resolución de Grado e PIA pasan a SAF dependencia e procedese a baixa en SAF libre concorrencia, dando altas a outros usuarios da lista de agarda.

É unha prestación básica dos Servizos Sociais Comunitarios que presta un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

A prestación deste servizo ten carácter de reforzo e non substitúe ás propias capacidades da persoa usuaria e doutras persoas da súa contorna inmediata nin exime en ningún caso á familia das súas responsabilidades.

O contrato de servizos ten como obxecto prestar un conxunto de atención ás persoas valoradas como dependentes, no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal.

Para o desenvolvemento do servizo e mediante persoal cualificado prestaranse unha serie de atencións e coidados de carácter persoal, psicosocial, educativo, preventivo, doméstico e técnico, ás familias e persoas con dificultades para conseguir o seu benestar físico, social e psicolóxico, proporcionándolle a posibilidade de continuar na súa contorna habitual, mentres sexa posible e adecuado, evitando a institucionalización.

En resumo, o obxecto do contrato é a prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) a persoas dependentes valoradas como tales, no seu domicilio (SAF dependencia) e a aquelas que o teñan solicitado e se encontren pendentes de valoración (SAF libre concorrencia)

Se preve a realización de

- **247.632 horas** anuais para a dependencia
- **28.200 horas** anuais para libre concorrencia

A totalidade das horas previstas a prestar e de **275.832 horas ao ano**.

Os servizos sociais municipais, dispoñen na data de elaboración do presente documento, dunha relación de usuarios de **397 usuarios** divididos do seguinte xeito:

- **275** na modalidade de dependencia
- **122** na modalidade de libre concorrencia

A previsión de incremento desta lista de agarda, é en Ferrol similar á de outros concellos das mesmas características.

## 2 DESCRIPCION DOS SERVICIOS A PRESTAR

Con carácter xeral prestaranse unha serie de atencións ou coidados de carácter persoal, psicosocial, educativo, preventivo, doméstico e técnico, que de conformidade coa valoración realizada polos servizos sociais incluírá a seguinte tipoloxía de tarefas:

Tendo en conta a valoración técnica realizada en cada caso desde os servizos sociais municipais , poderanse prestar os seguintes tipos de atencións

## **2.1 ATENCIONS DE CARÁCTER BÁSICO**

### **2.1.1 ATENCIONS DE CARÁCTER PERSOAL. ACTIVIDADES DIARIAS.**

Atencións de carácter persoal para levar a cabo as actividades básicas da vida diaria no propio domicilio:

- Asistencia para levantarse e deitarse
- Apoio e/ou realización da hixiene persoal: baño, cambio de roupa, lavado de cabelo, secado de pelo, cepillado de dentes, aplicación de cremas e todo aquilo que requira a hixiene habitual, especialmente precisa en persoas encamadas e incontinentes.
- Control do réxime alimenticio e axuda persoal para aqueles / as usuarios / as que non poidan comer por si mesmos.
- Supervisión na toma de medicación e administración. Se procede, de medicamentos simples prescritos polos facultativos.
- Apoio ou axuda para cambios posturais, mobilizacións e orientacións espazo temporais.
- Apoio para a deambulacón e transferencias.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria

### **2.1.2 ATENCIONS DE CARÁCTER PERSOAL. OUTRAS ACTIVIDADES DIARIAS**

- Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
- Apoio en trámites urgentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- Acompañamento a consultas médicas en casos excepcionais nos que o usuario non dispoña de familiar ou persoa que poda substituílo.

### **2.1.3 ATENCION A NECESIDADES DOMÉSTICAS E DA VIVENDA**

- Orde e mantemento da hixiene básica e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
- Coidados e mantemento básicos da vivenda.
- Limpeza xeral se a situación social ou familiar o require
- Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de alimentación a domicilio.

#### 2.1.4 ATENCIONS DE CARÁCTER PSICOSOCIAL E EDUCATIVO

Refírese este punto ás intervencións de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, de organización da economía doméstica, da afectividade, da convivencia e estrutura familiar, da integración na comunidade onde se desenvolva a vida do /a usuario/a, tales como:

- Axuda á integración e socialización do/da usuario/a.
- Cambio de hábitos en canto a orde e limpeza.
- Informar e orientar sobre aspectos de carácter preventivo e hábitos de vida saudables.
- Apoio na organización do orzamento familiar
- Apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar e na estruturación familiar, relacionados coa súa normalización.
- Fomentar a práctica en habilidades sociais.
- Facilitar actividades de lecer no propio fogar.
- Axudar no manexo da correspondencia, teléfono, etc.
- Comunicación e diálogo co/a usuario/a durante o tempo que dure a prestación.

#### 2.2 ATENCIONS DE CARÁCTER COMPLEMENTARIO

Unha vez garantido o nivel básico de atención poderanse levar a cabo as seguintes actividades e servizos:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Limpezas extraordinarias en domicilios con grandes problemas de hixiene, previo ao establecemento do servizo normalizado. Pode consistir en retirada de obxectos inservibles e lixos, desinfección da vivenda...etc. Neste caso, os produtos de limpeza corren a cargo do adxudicatario.
- Axudas técnicas (segundo as esixencias do prego) para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal que segundo o criterio dos servizos sociais municipais as requiran. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- Limpezas extraordinarias en domicilios con graves problemas de hixiene, con carácter previo ao servizo normalizado.
- Servizo de podoloxía.
- Peluquería

#### 2.3 TAREFAS EXCLUIDAS DA PRESTACIÓN

A realización de tarefas que non estivesen incluídas no proxecto de intervención.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvoltas polo servizo as seguintes, quedando a xestión do servizo suxeita aos criterios técnicos que se determinan en Benestar Social

- Actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención.
- Actividades que, polo seu carácter sanitario, deban ser realizadas por persoal facultativo.
- Actuacións de apoio doméstico cando a súa realización se dirixa a persoas distintas das usuarias.

- Todas aquelas tarefas que non estean previstas e recollidas nos informes dos técnicos municipais.

## 2.4 COORDINACIÓN DE TAREFAS

A prestacións anteriores deberán levar asociadas, con carácter obrigatorio, unhas tarefas de coordinación, desenvoltas por persoal titulado e cumprindo a ratio establecida na **Orde do 22 de xaneiro de 2009**, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, que no seu **artigo 12.1. di**:

*“O servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria.” (48 minutos por persoa usuaria á semana).”*

Segundo isto, considerando **397 usuarios**, a dedicación do persoal de coordinación deberá ser como mínimo de **117 horas á semana**.

Sempre que se superen os 50 usuarios, como e o caso, a coordinación deberá adaptarse á normativa vixente e según a seguinte taboa:

NUMERO DE PERSOAS USUARIAS	PERSOAL TÉCNICO MÍNIMO
DE 50 A 99	1 TÉCNICO/A TITULADO/A A XORNADA COMPLETA
DE 100 A 199	2 TÉCNICOS/AS TITULADOS/AS A XORNADA COMPLETA
DE 200 A 399	3 TÉCNICOS/AS TITULADOS/AS A XORNADA COMPLETA
INCREMENTOS SUCESIVOS	POR CADA GRUPO DE 200 PERSOAS USUARIAS CORRESPONDERÁ UN INCREMENTO DE 1 TÉCNICO/A TITULADO/A A XORNADA COMPLETA.

## 3 DIVISIÓN EN LOTES

En aplicación do artigo **99.3 da LCSP non se** procederá a división en **lotes** posto que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico e organizativo.

Resulta lóxicamente entendible que os servizos descritos no apartado 2 DESCRIPCIÓN DOS SERVICIOS A PRESTAR (en todas as manifestacións, categorías e niveis descritos) desde unha perspectiva integral dos mesmos, manteñen unha coherencia co deseño curricular das distintas titulacións ou formación que habilitan para exercer as diferentes actividades que o prego técnico recollerá, o que favorece a correcta execución do servizo desde un punto de vista técnico se a existencia de lotes.



A administración de recursos e a coherencia na toma de decisións que require a prestación do servizo son elementos a ter en conta para un eficaz desenvolvemento do contrato. Así mesmo o compoñente de unidade tamén se basea na aplicación de mesmos métodos, protocolos e sistemas que elevan o nivel de eficiencia do servizo coa prestación nun único lote.

De igual modo, a prestación dos diferentes servizos do contrato execútase por medio de traballadores que realizan o seu horario de traballo nas diferentes actividades e domicilios, polo que a posibilidade de adxudicación dos servizos a diferentes operadores económicos comportaría unha división e un menoscabo nas condicións laborais dos / as traballadores / as do servizo; e complicaría a distribución e organización do traballo entre as diversas entidades adxudicatarias á hora de distribuír o mesmo nun único ou varias zonas e ao mesmo tempo.

É obxectivo do órgano de contratación garantir o bo funcionamento do servizo, e considera que a posibilidade da división por lotes implica, para o persoal de coordinación unha **falta de capacidade de organización do servizo** debendo exercer as funcións que se lle atribúen de mando e orde sobre o persoal adscrito ao servizo limitada ao persoal contratado pola súa mesma adxudicataria e no seu lote. A división **implicaría a necesidade de contratar unha figura intermedia para a coordinación entre as empresas** polo que supoñería un **incremento na partida orzamentaria** da Administración destinada a este contrato.

A división do contrato por lotes menoscaba a economía de escala, dimensión crítica e optimización de recursos. Trátase dunha distribución e asignación técnico-económica do servizo com serias dificultades para realizala de xeito proporcional e coherente.

Queda xustificado por tanto que este órgano de contratación aprecia que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultarán a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico, organizativo e económico, ademais de que a dimensión dos recursos empregados non o aconsella.

En resumo, en consideración ás prestacións do contrato, **non se realizará a división en lotes** xa que resulta evidente que os servizos a realizar teñen para o Concello de Ferrol unha conexión material patente, que non se limita a ser meramente subxectiva e cuxo alcance e dimensións permiten a realización nun único lote do servizo. E considérase, ademais, que a posibilidade da división por lotes implica, para o persoal de coordinación unha falta de capacidade de organización do servizo ao poder, esta figura, exercer as funcións que se lle atribúen de mando e orde sobre o persoal adscrito unicamente ao servizo no seu lote..

#### 4 XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS

A día de hoxe, a empresa SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE S.A. é responsable de prestar o Servizo de Axuda no Fogar por dependencia e libre concurrencia no Concello de Ferrol nun único lote.

A día de hoxe no Concello de Ferrol prevese a realización de **275.832 horas ao ano** para o Servizo de Axuda no Fogar por Dependencia e libre concurrencia, tendo en conta as horas asignadas na actualidade e a previsión para o ano 2024.

A modalidade de prestación do Servizo de Axuda no Fogar de dependencia atende a persoas en situación de dependencia que teñan resolución aprobatoria do Programa Individual de Atención (PIA) no marco do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, e na Orde do 17 de decembro de 2007.

O artigo 25.2 da Lei 07/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece un listado de materias respecto das cales os municipios poden exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O ámbito competencial en materia social está recollido na letra e) do citado artigo 25.2, nos seguintes termos:

e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

O artigo 60.1 a) da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias aos concellos na creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos; o artigo 11.1 f) da LSSG, engloba dentro dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación.

O de libre concorrència terá en conta posibles subvencións de organismos oficiais (Concello, Deputación) aos que haberá que sumar a achega dos usuarios segundo a súa capacidade económica establecida na Ordenanza municipal de Axuda a Domicilio.

Habitualmente son usuarios que precisan axuda para as necesidades básicas instrumentais da vida diaria que teñen solicitada a Valoración do Grado de Dependencia pero non están valorados ou non están recibindo o servizo de Dependencia e que unha vez teñen resolución de Grado e PIA pasan a SAF dependencia e procedese a baixa en SAF libre concorrència, dando altas a outros usuarios da lista de agarda.

En conclusión, a prestación do servizo de axuda no fogar entra dentro do ámbito competencial do concello.

**É necesario licitar este programa** de acordo có artigo 116.4 f) da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público xa que o número de horas de atención que a Consellería de Política Social ten adjudicadas ao Concello de Ferrol debe coordinarse coas horas que as auxiliares de axuda no fogar deben adicar a este servizo. Ademais o Servizo de Axuda no Fogar por Dependencia en base á normativa reguladora se prestará tanto en horario ordinario como en horario extraordinario e festivo.

Ademais, a lexislación vixente ordena ás administracións facilitar alternativas e medios para o desenvolvemento de atención a persoas dependentes enfocadas ás persoas físicas, individual ou colectivamente, co principal obxectivo de mellorar o desenvolvemento da súa vida persoal.

En resumo, o Concello de Ferrol **non conta cos medios humanos e técnicos** necesarios para a execución e desenvolvemento das actividades do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes, polo que se require a contratación dunha entidade (con ou sen ánimo de lucro) que desenvolva as mesmas. **Agravado todo o antedito polas limitacións á creación de novas prazas para prestar o servizo directamente** (formación do persoal e taxa de reposición)

## 5 PROCEDIMENTOS DE ADJUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

A adjudicación realizarase a través do sistema de **procedemento aberto**, segundo o previsto nos artigos **131 e 156 a 159 da LCSP**.

Segundo o establecido no **artigo 22.1.c** da LCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos sociais e socio sanitarios cuxo valor estimado sexa igual ou superior a **750.000 €**.

Polas especiais necesidades do servizo e por razóns de interese público o presente expediente **non será obxecto de tramitación urxente** segundo o previsto no **artigo 119.1** da LCSP, polo que o prazo de presentación de proposicións será de **30 días naturais**, contados desde o seguinte ao do envío do anuncio de licitación ao Diario Oficial da Unión Europea.

A presente licitación terá carácter electrónica. Os licitadores deberán **presentar a suas ofertas electrónicamente** a través do portal de licitación electrónica do Concello nas condicións previstas nas cláusulas correspondentes do PCAP.

O código CPV do contrato, de acordo ao vocabulario común de contratos públicos aprobado polo Regulamento (CE) 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002 é o seguinte:

85300000-2 **Servizos de asistencia social e servizos conexos**

85312000-9 **Sevizos de asistencia social sen aloxamento**

Atópase englobado no **ANEXO IV** de contratos de servizos da LCSP

En resumo trátase dun procedemento aberto de tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada.

Segundo o artigo 117.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), non se establécese como de **tramitación anticipada**, tendo en conta que que:

*“Os expedientes de contratación poderán ultimarse mesmo coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, xa se realice nunha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte. Para estes efectos poderán comprometerse créditos coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias das distintas Administracións Públicas suxeitas a esta Lei”*

É o apartado dous da Disposición adicional terceira (Normas específicas de contratación pública nas Entidades Locais) da LCSP, a que regula a tramitación anticipada de expedientes de contratación para as Entidades Locais, establecendo que:

*“Poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente”*

Así pois, no caso da tramitación anticipada de expedientes de contratación os actos administrativos de licitación poden ter lugar no exercicio anterior ao da execución e o seu reflexo contable no exercicio seguinte.

## 6 NORMATIVA DE APLICACIÓN

A normativa que regula o servizo de axuda no fogar é a seguinte:

- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. (DOG n 63 do 30/03/2012). Deroga os artigos 13.1, 17, 18 e punto primeiro da disposición transitoria da Orde do 22 de xaneiro de 2009. Modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, (DOG n 228 do 27/11/2014)
- Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 22 do 2/02/2009)
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia. (DOG nº 14 do 20/01/2012)
- Orde do 19 de abril de 2013 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. (DOG nº 86 do 6/05/2013). Corrección de erros da Orde do 19 de abril de 2013. (DOG nº 94 do 20/05/2013) Intensidades de SAF segundo o grao de dependencia (logo da eliminación dos niveis).
- Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema

de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. (DOG nº 182 de 24/09/2013) PDF Modifica o os artigos 14.2, 59 (relativo ao cálculo da capacidade económica\*) e 61 do Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se crean os servizos sociais comunitarios e o su financiamento. (\*o cálculo da capacidade económica da persoa usuaria non variou; esta modificación só implica que o regulamento da mesma queda suxeito á normativa de SAAD).

- Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia. (DOG nº 242 do 20/12/2021)
- Ordenanza Municipal de Prestación do Servizo de Axuda no Fogar

## 7 PREZO DO CONTRATO E A SÚA XUSTIFICACIÓN

Presentase memoria económica en documento independente

## 8 SOLVENCIA

Acreditación da solvencia económica ou financeira: Segundo o disposto no artigo 87.1.a) da LCSP:

- Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación e na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, **ao establecido regulamentariamente**. O volume de negocios mínimo anual esixido non excederá dunha vez e media o valor estimado do contrato, excepto en casos debidamente xustificadas como os relacionados cos riscos especiais vinculados á natureza das obras, os servizos ou as subministracións. O órgano de contratación indicará as principais razóns da imposición do devandito requisito nos plégos da contratación ou no informe específico a que se refire o artigo 336. a solvencia económica ou financeira poderá acreditarse por un ou polos dous medios seguintes:

Requisitos mínimos de solvencia e acreditación documental:

- Alcanzar un volume anual de negocio, no ámbito das actividades de axuda a domicilio, referido a calquera dos tres últimos exercicios pechados (2020, 2021, 2022), **dunha vez e media o valor anual medio do contrato**. O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase mediante declaración responsable do representante legal da empresa relativa á cifra de negocios no ámbito das actividades de axuda no fogar de cada un dos tres últimos exercicios pechados.

### 8.1 MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL.

Acreditación da solvencia técnica ou profesional: Artigo 90.1.a) da LCSP:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos; cando sexa necesario para garantir un nivel adecuado de competencia os poderes adjudicadores poderán indicar que se terán en conta a probas dos servizos pertinentes efectuados máis de tres anos antes.
- Cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por leste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do

empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente”.

Requisitos mínimos de solvencia e acreditación documental:

- Realizar un ou varios traballos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, isto é, servizos a través de contratos cuxos tres primeiros dígitos CPV coincidan co do presente contrato, en calquera dos tres últimos anos, cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato. A acreditación realizarase achegando certificados, expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público. Cando o destinatario dos traballos sexa un suxeito privado, mediante certificados ou, a falta destes, mediante unha declaración do empresario que conteña non só a enumeración, data de execución e importe dos contratos, senón tamén as causas polas que non poida achegalos.

Habilitación profesional:

- Achegarase a documentación acreditativa da habilitación empresarial ou profesional, cando resulten esixibles pola normativa vixente relativa ao servizo obxecto do contrato segundo as especificacións recollidas no PCAP e no PPT. Neste caso considerase como habilitación profesional esixible estar inscrita no **Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia**, no momento da licitación.

A solvencia esixida xustifícase, considerando que se poderá apreciar os coñecementos técnicos, a experiencia e a eficiencia que se require para un contrato destas características no que a mera xestión de persoal non se considera suficiente. Pola contra, a prestación de servizos similares noutras administracións ou clientes privados, por si mesma determinará que se observaron os coñecementos técnicos sobre xestión de servizos de axuda no fogar, e as correctas e estritas normas que devanditos servizos requiren.

## 9 CRITERIOS DE VALORACIÓN

### 9.1 CRITERIOS SUXEITOS A XUIZO DE VALOR 45 PUNTOS

#### 9.1.1 XUSTIFICACIÓN

Como recolle a abundante doutrina respecto diso, é de plena aplicación aos criterios avaliábeis en función de xuízos de valor, a xurisprudencia do Tribunal Supremo respecto da denominada discrecionalidade técnica da Administración. Iso supón que, tratándose de cuestións que se avalían aplicando criterios estritamente técnicos de competencia ou procedemento, débese velar pola non aplicación de criterios de arbitrariedade ou discriminatorios, e pola ausencia de erros materiais ao efectuar dita valoración.

O Órgano de Contratación deberá certificar que a repartición de puntos, que en consecuencia efectúe, correspóndese co establecido no PPT e evitar incorrer nalgún erro patente ou brutal.

A proposta de criterios suxeitos a xuízo de valor, propostos na presente memoria xustificativa, establece a ponderación que debe atribuírse a cada un dos aspectos ou subaspectos que serán obxecto de valoración dentro dos criterios. Prodúcese unha enumeración detallada dos criterios de adxudicación e da ponderación asignada aos mesmos, que deberán ser avaliados individualmente para alcanzar a suma final de todos eles asignando a totalidade dos puntos correspondentes a criterios suxeitos a xuízo de valor

Do anteriormente exposto, e mantendo a máxima de que o grao de concreción esixible aos pregos, é aquel que permita aos licitadores efectuar as súas ofertas coñecendo de antemán cales van ser os criterios que vai utilizar o Órgano de Contratación para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa, non permitindo que devandito órgano goce dunha absoluta discrecionalidade á hora de ponderar as ofertas efectuadas por cada licitador, senón que esa discrecionalidade ha de basearse en todo caso, en xuízos técnicos previamente explicados nos pregos. O que permitirá, por unha banda, que os licitadores efectúen as súas ofertas de forma cabal, garantindo o principio de transparencia e igualdade de trato e, doutra banda,

que sexa posible revisar a solución alcanzada polo órgano de contratación, non deixando ao seu absoluto arbitrio a aplicación de tales criterios.

En canto á forma de lograr tal nivel de detalle, optouse por que a descrición do criterio suxeito a xuízo de valor, sexa o suficientemente exhaustiva, establecendo as pautas que van seguirse á hora de valorar cada oferta. Debe terse en conta que cando se trata de criterios suxeitos a xuízos de valor a descrición será sempre e necesariamente subxectiva, pois noutro caso estaríamos ante criterios avaliábeis mediante fórmulas.

No caso que nos ocupa, estímase que a descrición contida en cada un dos criterios propostos puntuables mediante xuízos de valor, resulta sen dúbida, suficiente para cumprir coas esixencias normativas. A feixes, certificar despois de que os distintos aspectos sinalados na descrición de cada un dos criterios non actúan como subcriterios de carácter exhaustivo, senón que se trata dunha lista meramente enunciativa que permitirá aos licitadores comprender que tipo de accións poden ser valoradas por parte do órgano de contratación e poder dirixir a súa oferta para cubrir a finalidade técnica que se pretende lograr con todos e cada un dos criterios propostos, e que se debe atopar suficientemente explicada no PPT.

En resumo, cos criterios adoptados, preténdese dar maior puntuación a quen ofrezca máis e mellor servizo, promova a innovación e a aplicación de avances tecnolóxicos e traslade ao órgano de contratación mecanismos de control e avaliación fiables e áxiles. En xeral un mellor servizo no seu conxunto. O Órgano de Contratación haberá de motivar adecuadamente a puntuación outorgada a cada licitador con arranxo ao sinalado no PPT sen introducir novos aspectos que non estivesen especificados previamente.

Segundo o disposto no artigo 145.1 da LCSP e coa xustificación precedente, os criterios conforme aos que se valorarán as ofertas seguindo un xuízo de valor, para determinar a máis vantaxosa serán os seguintes

### 9.1.2 METODO DE AVALIACIÓN DOS CRITERIOS SUXEITOS A XUIZO DE VALOR

A distribución da puntuación farase de forma proporcional en todos os subcriterios de valoración que compoñen a Memoria Técnica, atribuíndose aos contidos a seguinte baremación:

**Cualificación de “moi boa”** que implica a máxima puntuación. Outorgarase cando se realice un estudo (formulacións) detallado sobre os aspectos correspondentes aos elementos do subcriterio correspondente e propóñanse medidas de actuación (formulacións) adecuadas, precisas, ben definidas e/o innovadoras.

**Cualificación de “boa”** entre a máxima puntuación e o **75%**. Outorgarase cando o estudo e proposta en relación co elemento para valorar sexa detallado e propóñanse algunhas medidas de actuación precisas e/o innovadoras.

**Cualificación de “regular” do 75% ao 50%**. Outorgarase cando se limite a un superficial estudo do elemento para valorar e/o se realicen achegas escasas e pouco precisas.

**Cualificación de “deficiente” do 50% ao 25%**. Outorgarase esta puntuación cando se melloren moi escasamente os aspectos para valorar por encima dos mínimos esixidos na documentación técnica sobre o contrato.

**Cualificación de “moi deficiente” do 25% ao 0**. Cando non se melloren de ningún xeito os aspectos para valorar por encima dos mínimos esixidos na documentación técnica sobre o contrato.

Non se considerará suficiente, nin será considerado a efectos de valoración, a mera transcripción literal ou case literal, simple e mimética das esixencias reflectidas nos pregos técnicos ou de cláusulas administrativas.

De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter nos criterios suxeitos a xuízo de valor (mínimo 22,5 puntos). De tal forma que



unha puntuación inferior a 22,5 puntos resultará excluínte no proceso. Non procedéndose a abrir o sobre C correspondente aos criterios avaliábles mediante fórmula.

Resulta aconsellable establecer este limiar técnico mínimo xa que nun contrato no que as prestacións son de servizos específicos e cualificados, precísase acreditar o coñecemento detallado dos espazos, da organización para desenvolver e a calidade dos servizos e o control desta.

O proxecto técnico non poderá superar as 50 páxinas (25 follas polas dúas caras). A efectos de computo da extensión do proxecto técnico non se computan portadas nen índice xeral ou de cada apartado

En consecuencia, resultará da avaliación técnica o seguinte:

Ofertas con calidade técnica inadecuada. Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios suxeitos a xuízo de valor inferior a un 50% (22,5 puntos) da puntuación máxima da totalidade dos criterios avaliábles mediante xuízo de valor.

Ofertas con calidade técnica suficiente: Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación nos criterios suxeitos a xuízo de valor igual ou superior ao 50% (22,5 puntos) da puntuación máxima da totalidade dos criterios para avaliar mediante xuízo de valor.

En consecuencia, aquelas ofertas situadas no grupo de calidade técnica INADECUADA serán EXCLUÍDAS do proceso de licitación e non se procederá á apertura da súa sobre C.

As propostas que non cumpran cos requisitos de forma de presentación das ofertas en canto ao número de páxinas non se avaliarán as páxinas en exceso.

As propostas que non cumpran cos requisitos de forma de presentación das ofertas en canto ao **índice** sinalado máis adiante serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será minorada nun 25% da puntuación total obtida tras a suma de todos os subcriterios.

### 9.1.3 PROXECTO TÉCNICO 45 PUNTOS

No proxecto técnico en xeral, os licitadores deberán presentar unha memoria técnica na que expoñan un proxecto organizativo en conxunto, enfocado á prestación dos servizos obxecto de valoración. Dita memoria deberá referirse á totalidade das tarefas comprendidas actualmente no contrato e deberá recoller as especificidades de cada unha delas.

O proxecto organizativo deberá trasladar ao órgano de contratación a experiencia e coñecemento do licitador tanto na prestación xeral deste tipo de servizos como das particularidades de cada un das actividades para realizar. Todas estas tarefas deberán fuxir dun formato estandar e deberán plantexarse relacionadas coa situación do servizo, que debe explicarse a través dunha contextualización da situación do servizo a licitar. No se trata de describir "un SAF" en xeral nin as características do concello publicadas no IGE, senon presentar un proxecto baseado en todas as melloras posibles que o licitador debe propoñer, xustificar e indicar co máximo grao de detalle posible.

Deberá trasladar ao órgano de contratación que dispón de protocolos de funcionamento ante as situacións máis relevantes dun SAF sen que sexa necesario unha relación iterada de todos eles, senon a liña mestra de actuación e as vías de comunicación interna para a súa aplicación.

Integrado na descrición do proxecto, o licitador deberá achegar os materiais esixidos como mínimos que reflectirá o PPT así como calquera outra opción que facilite ao usuario e ao propio Concello o desenvolvemento do servizo.

Deberá indicar igualmente a estrutura de soporte, a súa organización na contorna, con un organigrama que a defina e a capacidade de atender ao contrato cando se necesite e as estruturas que o licitador

pretende utilizar (relacións laborais, asesoría xurídica, formación etc). No se trata de primar o tamaño da empresa senon a súa organización e a sus estruturas de apoio ao contrato.

Xa no segundo apartado do proxecto deberá propor un sistema de control de calidade interno, propio, no que se describan o obxectivos a conseguir os indicadores que determinen si estes obxectivos se van conseguindo e a forma de medir ditos indicadores. Deberá presentar a ferramenta de control que pensa utilizar e que traslade a información e a accesibilidade aos contidos a traves de aplicacións para móbiles, tablets etc. que permita ao concello o coñecemento en tempo real do servizo, a emisión de informes e a avaliación das prestacións.

Na terceira parte do proxecto o licitador deberá incluír tamén uns mecanismos eficaces e rapidos de comunicación co concello, pero tamén un formato de arquivo, informes ou memorias que sirvan para determinar a “saude” dos servizo a aplicación das melloras necesarias na xestión.

A documentación correspondente ao proxecto técnico avaliable mediante xuízos de valor, **estará limitada no número de páxinas**, polo tanto suxírese ao licitador que desplégue a maior grado de síntese, utilice con criterio os gráficos, tablas, cadros resumo, referencias etc. que fagan o proxecto mais doado de leer, interpretar e polo tanto avaliar o seu contido.

Ao mellor proxecto técnico no seu conxunto outorgaráselle un máximo de 45 puntos.

**O índice do proxecto técnico será obrigatoriamente o seguinte:**

Se establece un umbral técnico de 22,5 puntos, por o que aquel licitador que non acade a lo menos 22,5 puntos no proxecto técnico será excluído e non se procederá á apertura do sobre C.

**Bloque 1:** Organización xeral do servizo:

- 1.- Contextualización. Metodoloxía e organización xeral do servizo
- 2.- Organización e xestión dos recursos humanos e materiais. Estrutura de soporte
- 3.- Protocolos de xestión do servizo.

**Bloque 2:** Control de calidade e software de xestión:

- 6.- Procedemento de control de calidade do servizo. Obxectivos, indicadores e medición.
- 7.- Software de xestión. Descrición e utilizadas para o Concello.

**Bloque 3:** Mecanismos de interrelación co Concello:

- 8.- Mecanismo de relación con concello. Comunicación formal e habitual
- 9.- Estrutura dos informes periódicos
- 10.- Estrutura da memoria anual

Ao mellor proxecto técnico no seu conxunto outorgaráselle un máximo de **45 puntos**.



**9.1.4 DESCRIPCIÓN DE SUBCRITERIOS SUXEITOS A XUIZO DE VALOR****9.1.4.1 SUBCRITERIO 1. ORGANIZACIÓN XERAL DO SERVIZO 21 PUNTOS**

Os licitadores deberán propoñer un plan de organización xeral do servizo segundo os requirimentos especificados no PPT. Neste criterio valorarase a **concreción no desenvolvemento de cada unha das actividades**, en cuxo plan de de traballo detállese a xestión dos recursos dispoñibles, as tarefas de coordinación, os mecanismos de fluxo de información e en xeral a secuencia de accións e o desenvolvemento das mesmas desde que xorde a necesidade. Valorarase a **coherencia do devandito plan**, a **flexibilidade e capacidade de adaptación ás necesidades concretas** de cada usuario como da propia concellería de servizos sociais. E en xeral a metodoloxía empregada, os recursos empregados e os protocolos de actuación.

Considerase relevante a realización dun diagnóstico da situación actual do servizo es as dificultades que veñan derivadas da estrutura xeográfica do concello a a ubicación dos usuarios. As perdas por desprazamentos, e as solucións propostas. Resulta imprescindible unha análise da problemática actual do SAF en Ferrol e as propostas de mellora para o SAF de Ferrol.

Por outra banda, debe establecer a organización do persoal adscrito directamente ao servizo, a asignación aos usuarios por zonas, por horarios etc. Deberá reflectir co máximo detalle, o **mecanismo a utilizar para facer fronte á substitución de vacacións, de absentismo ou as necesidades puntuais de traballo** derivadas de situacións excepcionais ou programadas. Deberá definir os **programas de formación internos** da empresa e os convenios con entidades ou centros de ensino para determinar una bolsa de emprego sostible que evite a carencia de persoal en ningún intre do contrato. Valorarase a descrición co máximo detalle dos procedementos para dispor de todos os profesionais necesarios.

Neste apartado valorarase tamén a estrutura do licitador como organización empresarial e organización da súa unidade de actividade sociosanitaria a nivel local, comarcal, autonómico, estatal, etc., e a dispoñibilidade de medios de apoio e a forma na que o licitador os dispón para o desenvolvemento do servizo. Non se trata de voltar a describir a organización do servizo e a súa execución operativa senón que se require unha descrición da súa estrutura de apoio a nivel, local, comarcal autonómico ou estatal, e que poida ser relevante para o amparo, a supervisión e as esixencias dunha organización capaz, asentada

Por unha banda, o licitador deberá expoñer aqueles recursos xerais que poidan ter incidencia no contrato, é dicir, a súa estrutura zonal, os seus recursos destinados de forma parcial ou ocasional, a experiencia de órganos de decisión na actividade para desenvolver, etc, é dicir, debe facer unha presentación somera das estruturas de apoio e supervisión da súa empresa.

Neste apartado deberá presentar **unha mostra**, dos mecanismos ou protocolos a utilizar para facer fronte á xestión dos recursos ou as necesidades puntuais de traballo derivadas de situacións excepcionais ou programadas no contrato. E dicir, os mecanismos de tutela, apoio e control da empresa ao propio contrato. Non se trata de describir todos e cada un dos protocolos, senón a manifestación de que se dispón deles. Igualmente valoraranse acordos co outros organismos propios ou externos que poideran ter incidencia no contrato. Por exemplo, xestorías, gabinetes de comunicación, gabinetes de psicoloxía, asesorías laborais, etc.

Non se considerará suficiente, nin será considerado a efectos de valoración, a mera transcripción literal ou quasi literal, simple e mimética das esixencias reflectidas no PPT. Trátase, por tanto de que o licitador reflecta na súa oferta a súa cualificación para a elaboración dun **proxecto propio** e adecuado ao que se require.

O proxecto deberá fuxir de xeralidades e de proxectos que no teñan unha aplicación concreta a Ferrol

Xunto con todo o anterior, a demostración dun proxecto eficiente, a orientación aos usuarios, de forma individual ou grupal, e a aportación de ideas concretas o mais individualizadas posible, xunto coa formulación clara dos obxectivos para conseguir, farán que o mellor proxecto neste apartado obteña a máxima puntuación de **21 puntos**.

#### 9.1.4.2 SUBCRITERIO 2. CONTROL DE CALIDADE E SOFTWARE DE XESTIÓN. 12 PUNTOS

O licitador deberá propoñer no seu proxecto un mecanismo de control da calidade do servizo adaptado á actividade para desenvolver. O Control Operativo e de Calidade, entendido como **control e seguimento dos servizos comprometidos pola empresa adjudicataria da presente licitación**, deberá contemplar como mínimo uns acordos de nivel de servizo (ANS) propios que determinarán o grao de calidade aceptable para cada unha das actividades susceptibles de ser analizadas, e que **o licitador pode elixir libremente no seu proxecto**. Estes son os obxectivos marcados. Ademais, para determinar se os acordos de nivel de servizo (obxectivos) previamente definidos, se alcanzan ou non, **deben establecerse uns indicadores de nivel de servizo (INS)** que nos determinarán que é o que imos medir e que puntuación ou peso outorgáraselle a cada medición. É dicir, **o licitador, no seu proxecto debe definir o seu propio plan de control de calidade e deseñar, tanto ANS como INS adaptados e específicos para un servizo de axuda a domicilio**. Entre outros aspectos, devandito plan de control de calidade deberá poder medir:

- Cumprimento das cargas de traballo dos operarios contratados para a execución do contrato, definidas no Plan Operativo ou Plan de Servizos vixente. Valorarase o establecemento de mecanismos de control de presenza nos diferentes domicilios dos usuarios
- Control dos indicadores de calidade definidos.
- Cumprimento das normas de **uniformidade**. Estrito control do decoro e o respecto a uniformidade definida,
- Cumprimento da lexislación vixente, de aplicación en relación cos servizos obxecto do contrato.
- Realización das inspeccións aos domicilios correspondentes.
- Calquera outras cuestións que fosen susceptibles de control, derivadas tanto das cláusulas e prescricións, contidas nos pregos que rexen a contratación, como no resto de documentación contractual suscrita polas partes.

Non será valorable neste apartado, aqueles plans de control de calidade xenéricos ou derivados de protocolos de funcionamento interno das empresas ou calquera certificación da calidade da que poida dispoñer.

O plan de calidade proposto deberá vir sostido polos mecanismos de control tecnolóxico propostos, código qr, control de presenza, pda, aplicacións de incidencias etc. Polo tanto, neste apartado valorarase a proposta dun software de xestión que pode ser propio ou existente no mercado, e **que permita ao concello, obter en tempo real a información que requira, sempre coa limitación de utilización a través de usuario ou contrasinal**. E valorarase o sistema de xestión do persoal, a través de programas informáticos enfocadas a optimización dos recursos e a minimizar os desplazamentos e os horarios nos axeitados para a conciliación da vida persoal e laboral dos traballadores. O concello deberá poder, a través de dito mecanismo de xestión, coñecer a disposición dos servizos, a optimización dos mesmos, e calquera outra incidencia que poidera xurdir. A ferramenta proposta deberá ser compatible cos sistemas empregados polo concello de Ferrol polo que o licitador está na obriga de adaptalos. A puntuación deste criterio reducirase ao 50% no caso de que a ferramenta de xestión proposta non sexa compatible nin utilizable por los servizos sociais do concello.

Este apartado deberá presentarse co seguinte índice obrigatorio:

- 1.- Procedemento de control de calidade do servizo. Acordos de nivel de servizo e indicadores.
- 2.- Software de xestión. Descrición e utilizades para o Concello.

